DOWN Galicia

Revista informativa trimestral

Número 23· **Xaneiro 2022**



Dúas mozas do Movemento Down Galicia poñen voz a ‘Valentina’, un filme inclusivo

Recomendacións sobre a vacina da gripe e a Covid-19 para o colectivo

Rexeitamento da violencia machista no Movemento Down en forma de vídeo

Down Galicia recibe un premio en forma de doazón de ‘Atrápame se podes’ de TVG

Sensibilización sobre **envellecemento das coa síndrome de Down** aos futuros profesionais especializados ➜

Índice

Dúas mozas das entidades Down poñen voz a ‘Valentina’! 2

Recomendacións sobre a vacina da gripe ao colectivo 4

Rexeitamento da violencia machista no Movemento Down 6

Down Galicia recibe doazón do *Atrápame se podes* de TVG 7

Nove profesionais grazas aos Programas de Cooperación 8

Sensibilización sobre envellecemento co alumnado da USC 9

Política Social volta financiar o servizo de Down Galicia 11

Máis noticias? 13

Séguenos, subscríbete e contacta 14

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación



Cecilia, de Down Pontevedra Xuntos, no seu novo emprego



Pepa e mais Lucía na pre-estrea de "Valentina"

Dúas mozas do Movemento Down poñen voz a Valentina, protagonista do filme de animación nomeado aos Goya

Lucía Serén, de Down Lugo, e Pepa Lockhart, de Down Compostela, son dúas adolescentes coa síndrome de Down que acaban de converterse en actrices de dobraxe. As dúas poñerán voz a Valentina, a protagonista do filme do mesmo nome que acaba de converterse en candidata a mellor película de animación nos vindeiros Premios Goya.

Todo comezou hai dous anos, cando a produtora da película contactou coa Federación Down Galicia na busca de persoas candidatas para convertérense na voz de Valentina e, tras varios castings, apostaron por Lucía para a versión orixinal en galego e por Pepa na versión en castelán.

A directora do filme, Chelo Loureiro, indicou que "tiña claro que non quería poñer a unha actriz de dobraxe imitando a unha persoa coa síndrome de Down. Non só porque é moi difícil imitar as súas voces, xa que son moi características, senón que se estamos a falar de integración non tiña sentido crear unha farsa".

E así, trala selección, chegou o momento de poñerse a traballar. Tanto Lucía como Pepa coinciden en que tiveron que "ensaiar moito e repasar na casa", pero que foi "unha experiencia inesquecible". As gravacións tiveron lugar, en primeiro termo, no Milladoiro e máis tarde en Cambre para ultimar todos os detalles.

Pero Lucía e Pepa non só acadaron unha gran vivencia, senón que ambas rapazas comezaron unha estupenda amizade que conservan a día de hoxe. “Fixémonos moi amigas e seguimos facendo vídeo chamadas e quedando para xogar, ir de paseo…”, comenta contenta Lucía.

Pepa, pola súa parte, destaca que “a experiencia foi marabillosa” e que de Valentina gústalle “que sexa súper extrovertida e alegre”. Ademais, pensa que a escolleron para dobrar a esta personaxe “porque temos cousas en común como a síndrome de Down, ser loitadoras e responsables e ter unhas avoas super cañeiras”.

Así é “Valentina”

Na película dirixida por Chelo Loureiro, Valentina soña con ser trapecista e cre que non o conseguirá por ter síndrome de Down. Pero a súa avoa insístelle que se as eirugas conseguen converterse en bolboretas nada é imposible e que ela, á súa idade, segue soñando con ser directora de orquestra

“Valentina vive a súa infancia igual que calquera outra nena, pero moitas veces mentres aos outros nenos e nenas danlles ás, a estes córtanllas. Creo que é iso sobre o que deberiamos reflexionar e axudarlles a que os seus soños se cumpran tamén”, indicou a directora, produtora e guionista ferrolá. “Non pretendía contar a historia dun destes nenos”, senón que a súa pretensión era “contar a historia dunha nena cunha discapacidade, pero normalizada; que a historia non fóra sobre a discapacidade, senón sobre a historia desa nena, que ten as mesmas ilusións que calquera outro neno”, explica.



Valentina, protagonista do filme

Recomendacións sobre a vacina da gripe estacional para as persoas coa síndrome de Down

Ante a nova tempada da gripe estacional, desde Down Galicia queremos lembrar a vulnerabilidade das persoas coa síndrome de Down fronte á enfermidade e as súas posibles complicacións derivadas da disfuncionalidade da súa resposta inmune. Ademais, as posibles infeccións respiratorias que pode provocar a gripe, principalmente por neumococos, elevan a alerta este ano ao coincidir por segundo ano coa pandemia de COVID-19.

Por iso, seguindo as recomendacións do Comité Médico Asesor de Down España, solicitamos ás familias, profesionais e persoas coa síndrome de Down que contacten ou se dirixan aos seus centros de saúde para iniciar as indicacións de vacinación esixidas e consensuadas para o colectivo:

1. Vacinación antigripal de todas as persoas coa síndrome de Down maiores de 6 meses.
2. Vacinación dos e das conviventes con persoas coa síndrome de Down -familiares e profesionais que lles acompañen-, sobre todo se presentan factores de risco de complicacións da gripe: idade avanzada; trastornos respiratorios crónicos, inmunitarios ou cardíacos; diabetes…
3. Vacinación antineumocócica:
   - En nenos e nenas coa síndrome de Down menores de 2 anos, asegurar a recepción das correspondentes doses de vacina antineumocócica conxugada (VNC) contempladas no calendario de vacinacións sistemáticas da súa comunidade.
   - En persoas coa síndrome de Down maiores de 2 anos que non reciban ou completen a vacinación sistemática infantil con vacina antineumocócica tridecavalente (VNC13: Prevenar 13), administración dunha dose de VNC13 seguida, tras un intervalo mínimo de 2 meses, dunha dose de vacina antineumocócica polisacarídica 23-valente (VNP23).
   - Nas persoas vacinadas unicamente con doses de VNC13 despois dos 2 anos, administración dunha dose de VNP23 tras un intervalo mínimo de 2 meses.
   - En persoas de 2 a 17 anos que recibisen doses de VNP23 sen doses previas de VNC13, indicación dunha dose de VNC13 a partir dos 2 meses seguintes; en persoas adultas, o intervalo entre ambas as doses non debe ser inferior a 12 meses.

Terceira dose da vacina COVID-19

Doutra banda, lembramos que as persoas coa síndrome de Down maiores de 40 anos deben recibir unha terceira dose da vacina contra a COVID-19, pois forman parte do grupo 7 de risco. Se non a recibiron xa, aconsellamos tamén o contacto co centro de saúde correspondente.



As vacinas permiten retomar actividades conxuntas, coma esta en Down Coruña, limpando a praia do Orzán

A mocidade das entidades Down de Galicia amosa o seu rexeitamento contra a violencia machista

Co gallo do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra á Muller, o 25 de novembro do pasado ano as entidades que forman Down Galicia estrearon a través das súas redes sociais un vídeo reivindicativo contra a violencia machista.

Realizado coa coordinación do Grupo de Vida Independente da Federación, o vídeo pretende ilustrar os diferentes tipos de acoso e menosprezo que pode vivir a muller no seu día a día polo mero feito de selo, así como chamar á empatía dos homes e a sociedade en xeral, para que sexan aliados nesta loita e non caian na complicidade nin no acoso.

O vídeo foi gravado en diferentes cidades do país coa participación activa das persoas usuarias e profesionais da Área de Vida Adulta e Independente de Down Vigo, Down Pontevedra Xuntos, Down Compostela, Teima Down Ferrol, Down Lugo e Down Coruña.

En total, máis de medio cento de persoas das entidades estiveron involucradas na coordinación e interpretación desta peza audiovisual reivindicativa gravada e editada polo Departamento de Comunicación da Federación.

Fai click aquí para ver o vídeo!



Down Galicia recibe unha doazón da edición de Nadal do programa ‘Atrápame se podes’ de TVG

A Federación Down Galicia converteuse o pasado 25 de decembro, na primeira entidade social en recibir o petisco solidario da edición de Nadal do programa da TVG ‘Atrápame se podes’.

O concurso presentado por Paco Lodeiro está a emitir nestas dúas semanas dez programas especiais, nos que os e as concursantes son caras coñecidas da canle pública que loitan por conseguir o bote solidario para doalo a distintas entidades galegas.



“Atrápame se podes”, edición de Nadal

A contía doada depende do éxito dos e das concursantes nas distintas probas. A habitual fase das escaleiras non será definitiva para chegar ao bote, xa que quen gañe esa proba asegurará o petisco para a entidade social que corresponda ese día, pero terá que someterse á nova proba do Minuto final para ser quen de conseguir o bote.

No primeiro programa, Esther Estévez, Roberto Vilar, Teté Delgado, Pepe Capelán e Trisha Fernández concursaron por un bote de 1.500€, pero ao non superar Teté Delgado a proba do Minuto final, Down Galicia acadou un petisco de 1.000 euros.

Ademais da Federación, ‘Atrápame se podes’ reparte os 18.000€ en xogo á Fundación Meniños de Protección á Infancia e á Adolescencia; á Federación Galega de Enfermidades Raras (Fegerec); á Asociación Mirabal de axuda a vítimas de violencia machista e axuda ao menor; á Federación Galega de Bancos de Alimentos; á Federación Galega de Alzheimer; á Asociación Galega de Afectados de ELA; á Federación Galega a Favor de Persoas con Discapacidade Intelectual; á Asociación de Nenas, Nenos e Xente Nova con Diabetes e á Asociación de Axuda a Nenos Oncolóxicos de Galicia.

Desde a Federación Down Galicia queremos agradecer esta iniciativa da Televisión de Galicia e desexar moitísima sorte aos e ás concursantes para os vindeiros programas.

Down Galicia contrata 9 profesionais para postos técnicos da Federación ao abeiro dos Programas de Cooperación

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, financia con 165.663€ a contratación de 9 persoas desempregadas entre decembro de 2021 e decembro de 2022 para cubrir distintos postos de carácter técnico en varios dos centros de traballo da Federación Down Galicia.

Mediante estas contratacións, todas a xornada parcial durante un ano, darase cobertura a diferentes áreas e programas que conforman o Servizo de Promoción da Autonomía Persoal para persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual (SEPAP). Nesta ocasión, o persoal contratado desempeñará o seu labor nas áreas de administración e xestión, emprego con apoio, inclusión educativa, vida autónoma e independente, ocio ou formación para o emprego, entre outras.

O servizo de Promoción da Autonomía Persoal de Down Galicia céntrase en proporcionar ás persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais os recursos adecuados que permitan a súa participación na comunidade da forma máis autónoma e independente posible, mediante o fortalecemento dos seus propios recursos e o adestramento da súa autonomía persoal.



Sesión de atención temperá en Down Vigo

Down Galicia sensibiliza ao alumnado da USC sobre o envellecemento acelerado das persoas coa síndrome de Down

O pasado 5 de outubro, representantes da Comisión de Envellecemento de Down Galicia, impartiron no Máster de Psicogerontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela unha unidade didáctica sobre como envellecen as persoas coa síndrome de Down.

Nas dúas horas que durou a súa intervención, Sonia Caldas, xerente da Federación, e Sandra Peña, responsable da área de vida adulta de Down Pontevedra Xuntos, explicaron ao alumnado deste máster as características do proceso de envellecemento das persoas coa síndrome de Down, expuxeron a situación actual do colectivo en relación con esta etapa vital e proporcionaron recursos, metodoloxías e estratexias básicas para a súa atención.

A Federación Down Galicia sensibiliza desde hai anos ao alumnado das tres universidades galegas sobre os beneficios que achega a inclusión das persoas maiores coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais na contorna natural, en beneficio dunha atención integral que retarde o proceso de envellecemento e permita detectar necesidades e prestar os apoios necesarios incidindo na calidade de vida.


O envellecemento das persoas coa síndrome de Down

Envellecer é un proceso natural para todas as persoas, pero non deixa de ser unha conquista para aquelas que teñen síndrome de Down. Na actualidade a esperanza de vida das persoas con esta alteración cromosómica sitúase ao redor dos 60 anos.

O descoñecemento da realidade das persoas coa síndrome de Down nesta etapa vital xera moitas dificultades para a realización de diagnósticos que diferencien adecuadamente entre comportamentos ou condutas propias da persoa con discapacidade intelectual, doutros que poidan indicar a presenza dalgunha enfermidade mental ou deterioración cognitiva. Fai falta, por tanto, introducir entre as medidas para levar a cabo, unha recollida de información sistematizada, obxectiva e periódica que contribúa á elaboración dun perfil de funcionamento que axude a detectar cambios significativos que poidan ser indicadores da presenza dunha enfermidade ou trastorno.

Asumir que as persoas coa síndrome de Down vivirán moitos anos implica introducir as medidas necesarias que contribúan a alcanzar esta etapa vital coa maior calidade de vida posible e que permitan planificarla da forma máis idónea.

Desde as entidades Down de Galicia cremos firmemente en que o modelo de vida inclusivo que promovemos, que garante a participación en contornas e servizos comunitarios, terá unha repercusión positiva no envellecemento das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.



As entidades Down valoran posibles sinais de envellecemento prematuro

A Consellería de Política Social financia o mantemento e os programas de autonomía persoal de Down Galicia no ano 2021

A Xunta de Galicia contribúe ao financiamento do mantemento e das actividades do servizo para a promoción da autonomía persoal que Down Galicia desenvolve durante este ano 2021. Mediante un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación, promóvense os programas orientados especificamente a favorecer a autonomía e a inclusión socio laboral das persoas coa síndrome de Down, atendendo á experiencia, equipo humano e medios dos que dispón a Federación Down Galicia para desenvolver a atención requirida.

Este convenio nominativo, que achega á Federación seiscentos noventa mil seiscentos oitenta e oito euros (690.688€), ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social dos gastos de persoal e gastos correntes da Federación e das súas entidades asociadas para este exercicio, así como doutros gastos derivados da execución de actividades, programas e servizos de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia que desenvolve Down Galicia.

Con este acordo promóvense os programas orientados a favorecer a autonomía e a inclusión socio laboral das 741 persoas usuarias da Federación. Os servizos de Down Galicia e das súas entidades están organizados en diferentes áreas de atención, que comprenden todo o ciclo vital das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, centrándose este convenio nas áreas de atención temperá, formación e emprego e vida adulta e independente, entre outras.

Down Galicia, na súa de condición de Federación, presta apoio ás entidades membro que traballan na atención ás persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e ás súas familias dende unha perspectiva global, mellorando así a súa autonomía persoal e as súas condicións de vida e favorecendo a súa inclusión na sociedade galega.




Foto de arquivo da área de inclusión educativa



A Formación e Emprego, unha das áreas máis importantes do servizo

Máis noticias?

Accede a www.downgalicia.org para informarte de todas as novidades e publicacións da Federación e as súas entidades membro. Velaquí algunhas, fai click para lelas!

Down Pontevedra Xuntos pecha o ano coa contratación de catro das súas persoas usuarias

O último trimestre deste 2021 que vén de rematar trouxo boas novas para varias das persoas que forman parte da bolsa de emprego de Down Pontevedra Xuntos.

O bo funcionamento do programa Emprego con Apoio que desenvolve a entidade xera confianza no tecido empresarial da cidade, que valora as capacidades das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais para ocupar postos de traballo nas súas compañías.

Down Coruña pon á venda un calendario solidario centrado no medio ambiente

A asociación Down Coruña vén de presentar o seu novo calendario solidario para o ano 2022, cuxas imaxes están protagonizadas por persoas coa síndrome de Down. Nesta ocasión, o almanaque ten un enfoque ambiental.

Este calendario solidario forma parte do proxecto Ecofriendly21 da asociación. Inclúense 'eco-tips' para colaborar co desenvolvemento sostible e cada mes lémbrase un 'Día de…' relacionado co medio ambiente.

Down Lugo colabora coa asociación Michos de Lugo no coidado e benestar das colonias felinas

Durante o pasado mes de setembro, un grupo de persoas usuarias de Down Lugo realizaron labores de voluntariado coa asociación local Michos de Lugo. Desta forma, varios mozos e mozas da entidade realizaron distintos materiais para o descanso dos gatos das colonias da cidade.

Empregando como base caixas de froita, os voluntarios e voluntarias crearon camas que, tras ser pintadas e decoradas, foron repartidas entre as casas de acollida e adopción dos felinos ou foron vendidas nos mercadiños solidarios que a asociación Michos de Lugo organiza ao longo do ano.

Down Vigo retoma a actividade do Proxecto Luna coa participación na xornada 'Értek Conference'

Proxecto Luna é unha iniciativa da asociación Down Vigo que naceu hai xa varios anos a través dunha colaboración con Marcos González, mellor barista de España na actualidade e responsable de calidade de Delikia Fresh.

Nos seus inicios, ao abeiro do proxecto, Down Vigo organizou varios Campionatos de Baristas Down, e máis adiante, en colaboración coa empresa Delikia, comezou a participar na iniciativa Café Solidario que se organiza cada Nadal na cidade olívica.

Séguenos

DownGalicia.org

Facebook.com/DownGalicia

Twitter.com/DownGalicia

Youtube.com/DownGalicia

Flickr.com/DownGalicia

Subscríbete

Recibe a Revista de Down Galicia no teu correo!

Contacta

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo **comunicacion@downgalicia.org**.

Subvencionado por

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Consulta a nosa política de privacidade



DOWN Galicia

Persoas usuarias de Teima Down Ferrol reclaman xunto ao outros cidadáns e cidadás un transporte público digno para a súa contorna